

DOMINGO XXIII ORDINARIO (C)

PRIMEIRA LECTURA Sab 9, 13-19 (gr 13-18b)

Lectura do libro da Sabedoría

¿Que home de feito poderá coñece-lo plan de Deus ou quen se decatará do que quere o Señor? Abofé, os pensamentos dos mortais son covardes e inseguros os nosos proxectos. Porque o corpo corruptible pesa na alma e a tenda terrestre oprime a mente cavilosa.

Se con dificultade imaxinámo-lo que hai sobre a terra e con traballo atopámo-lo que está a man, ¿quen pescudará o que hai no ceo? ¿Quen coñecerá o teu consello se ti non lle dás sabedoría mandando o teu espírito santo desde o alto? Soamente deste xeito se endereitaron os vieiros dos terrestres, aprenden os homes o que é do teu gusto e son salvados pola Sabedoría.

SALMO RESPONSORIAL Sal 89, 3-4. 5-6. 12-13. 14 e 17

R/. (1): O Señor é o noso agarimo ó longo das xeracións.

Ti repós no po os mortais,
con dicirles: "volvede, fillos de Adán".
Mil anos son ante ti
coma o día de onte que pasou,
coma unha vixilia da noite.

Ti falos pasar, e son coma sono mañanceiro;
son coma herba que agroma:
de mañá florece e verdea,
á tarde ségana e seca.

Ensínanos a conta-los nosos días,
para que acheguémo-lo corazón á sabedoría.
Volve, Señor. ¿Por canto aínda?
Apiádate dos teus servos.

Dános de mañá a fartura da túa misericordia,
para que teñamos felicidade e ledicia toda a nosa vida.
Que a bondade do Señor, o noso Deus, sexa connosco,
que el consolide as obras das nosas mans.

SEGUNDA LECTURA Film 9b-10.12-17

Lectura da carta do Apóstolo San Paulo a Filemón

Benquerido irmán: Sen máis título que ser eu Paulo, un vello que agora está preso por Cristo Xesús, pídoche por Onésimo, o meu fillo, que enxendrei estando na cadea. Velaí cho mando. Velaí che vai unha parte das miñas entrañas. Pensei en me quedar con el, para que me axudase no teu lugar, mentres estou preso polo Evanxeo. Pero non quixen facer nada sen contar co teu consentimento, para que non fagas este ben á forza, senón porque che sae de dentro.

Igual por iso marchou de onda ti algún tempo: a fin de que agora o recuperes para sempre, non xa como escravo, senón como algo máis ca escravo: coma un irmán benquerido. Para min é moi querido; ¡moito máis o vai ser para ti, como home e como cristián! Así que se me consideras un amigo, acólleo coma a min.

EVANXEO Lc 14, 25-33

Lectura do Santo evanxeo segundo Lucas

Nunha ocasión que seguía a Xesús moita xente, volveuse a eles e díxolles: - Se alguén me quere seguir e non está disposto a romper con seu pai e con súa nai, coa muller e mais cos fillos, cos irmáns e coas irmás, e incluso coa súa propia vida, non pode ser discípulo meu. O que non carga coa súa cruz e me segue, non pode ser discípulo meu.

Pois ¿quen de vós, querendo construír unha torre, non se para a pensar no presuposto, a ver se a pode rematar? Non vaia ser que bote os alicerces e non a dea rematado e a xente que o vexa faga riso del, dicindo: "Este empezou a construír e non deu rematado". Ou ¿que rei, que sae á guerra contra outro, non se senta primeiro a cavilar se lle chegarán dez mil homes para loitar contra vinte mil? E, se ve que non, cando aínda o ten lonxe, mándalle unha embaixada, pedindo condicións de paz. Pois así, como non renunciades a todo o que tedes, non hai de vós quen poida ser discípulo meu.